

VOLTAIRE

Micromegas

Traducido por Marie Abreira



Vólvense os paxaros contra as escopetas

CAPÍTULO PRIMEIRO

VIAXE DUN HABITANTE DA ESTRELA SIRIUS AO PLANETA SATURNO

Nun deses planetas que xiran ao redor da estrela chamada Sirius, vivía un home novo de pingüe talento, que tiven a honra de coñecer na última viaxe que fixo ao noso cativo formigueiro. Chamábase Micromegas¹, nome ben apropiado para os altos, pois medía oito leguas, é dicir, vinte e catro mil pasos xeométricos de cadanseus cinco pés.

Certos alxebristas, xente sempre útil para o público, apurarán a coller a pluma neste preciso instante e considerarán que, xa que o señor Micromegas, habitante do país de Sirius, ten da cabeza aos pés vinte e catro mil pasos, que fan cento vinte mil pés, e que nosoutros, cidadáns da Terra, non temos máis ca cinco pés, e xa que o noso globo ten nove mil leguas de diá-

¹O nome do personaxe xoga cos termos gregos *micros*, 'pequeno' e *megas*, 'grande', recorrendo a un recurso (o oxímoro) moi do gusto de Voltaire, como acontece por exemplo en *Candide* (1759). A asociación de ambos os termos introduce, ademais do seu efecto cómico, un dos temas do conto: o relativismo, e que todo é cuestión de perspectiva.

metro, coidarán, dicía eu, que cómpre que a circunferencia do seu globo mida xusto vinte e un millóns seiscentas mil veces máis ca a da nosa pequena Terra. Nada hai máis sinxelo e máis normal na natureza. Os estados dalgúns soberanos de Alemaña ou de Italia, os cales poden percorrerse nunha media hora, comparados co imperio de Turquía, do Principado de Moscova² ou da China, non son máis ca unha moi feble imaxe das prodixiosas diferenzas que a natureza imprimiu en todas as súas creacións.

Ao ser o talle da Súa Excelencia da altura que dixeran, todos os nosos escultores e pintores cadrarán sen dúbida en que o seu cós debe de andar polos cincuenta mil pés de contorno, unha circunstancia que sen dúbida revela unha fermosa proporción.

En canto ao seu intelecto, é un dos máis cultivados. Micromegas sabe multitude de cousas e mesmo inventou algunhas. Aínda non tiña douscentos cincuenta anos e cando estudaba, segundo é costume no seu planeta, no colexio dos xesuítas, adiviñou, grazas á súa intelixencia, máis de cincuenta proposicións de Euclides³. Son dezaioito máis que as deducidas por Blaise Pascal, quen, logo de adiviñar trinta e dúas coma quen se divirte (consonte relatou a súa irmá), se converteu despois nun xeómetra bastante mediocre, e nun pésimo metafísico⁴. Contra os catrocentos cincuenta

²Rexión ao redor de Moscova até 1721, ano da fundación do imperio ruso.

³Célebre xeómetra grego que viviu cara ao 285 antes da nosa era e cuxos teoremas e proposicións foron durante moito tempo os fundamentos da aprendizaxe da xeometría.

⁴Blaise Pascal (Clermont-Ferrand, 1623-París, 1662), físico e matemático interesado pola metafísica e a teoloxía. Voltaire, contrario á súa defensa da existencia de Deus, demostrada por medio de razoamentos mate-

